

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2024.

**ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA
ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN.
(EXPTES.- 2024067983 -2024065850).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial da modificación puntual da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, asinada con data 7 de outubro de 2024 polo Secretario Xeral, cuxo contido é o seguinte:

“Dada conta que a normativa reguladora para a concesión de subvencións tanto a nivel estatal (Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que aproba o Regulamento da Lei) como autonómico (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia) non establecen o momento en que debe apreciarse a concorrencia dos presupostos de prohibición para ser beneficiario dunha subvención, nin sobre o carácter subsanable ou insubsanable diso.

En concreto, establécese no art. 14.1,e) da Lei 38/2003, como obriga do beneficiario, “acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social...” e no art. 22.2,b) do Real Decreto 887/2006 establécese a posibilidade de achegar posteriormente, unha vez se sexa expedido polo órgano correspondente, o certificado de acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Polo contrario, na nosa Ordenanza xeral de subvencións do ano 2016 (BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016) establece a maiores, no seu art. 10.2 e), ó referirse ós requisitos para obter a condición de beneficiario determina que “ademais de dar cumprimento ás obrigas tributarias (co Estado e a Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social, será necesario tamén dar cumprimento ás obrigas de calquera clase coa Deputación, na data da publicación da convocatoria, no suposto de subvencións en concorrencia, ou no momento de presentar a solicitude no rexistro, no caso de concesión directa”.



Resultando que a confusa redacción de dito precepto, non queda claro se dito prazo engloba a todas as obrigas ou só ás da Deputación, polo que a fin de evitar interpretacións diversas, é convinte fixar expresamente o prazo para a acreditación do cumprimento das obrigas establecidas e alienalo co momento establecido na normativa básica en materia de subvencións. A título de exemplo, en idéntico sentido pronúncianse ordenanzas de diversas entidades locais (Ordenanza do Concello de Madrid, Ordenanza do Concello da Coruña, entre outras).

Resultando que o Secretario e o Interventor emiten informes con data 2 e 4 de outubro, respectivamente.

Considerando que o procedemento para a aprobación da modificación das ordenanzas está establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, requiríndose para iso a súa aprobación por maioría simple do Pleno da Corporación.

O Pleno acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do art. 10.2 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, establecendo a seguinte redacción:

“2.Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigacións tributarias (co Estado e a Comunidade Autónoma), fronte á Seguridade Social e coa Deputación con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión.”

Segundo.- No caso de que durante a información pública e audiencia aos interesados non se presentara reclamación ou suxestión algunha, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

O Deputado D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo solicita aclaracións sobre os motivos para levar a cabo a tramitación deste expediente de modificación da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

O Secretario da Comisión informa que a modificación afecta a redacción do contido do apartado 2 do artigo 10 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación para simplificalo e para deixar claro no momento en que é necesario acreditar por parte dos beneficiarios estar o corrente de pago no cumprimento das súas obrigacións tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma, así como fronte a Seguridade Social e coa Deputación, que pasa a



ser con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión da subvención.

O Sr. Interventor comenta que esta modificación do artigo 10.2 da Ordenanza xeral de subvencións aparte de deixar claro o prazo para acreditar o cumprimento das obrigas establecidas, é para adaptar este apartado da ordenanza a lexislación vixente reguladora da concesión de subvencións tanto a nivel estatal como a nivel autonómico.

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aprobación inicial da modificación puntual da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, asinada con data 7 de outubro de 2024 polo Secretario Xeral.

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo nove (9) do grupo provincial do Partido Popular (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación inicial da modificación puntual da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG.

O Secretario da Comisión
Asdo.: José Antonio Gulías Varela.
(Documento asinado electrónicamente á marxe)

